



24 HORAS QUE MOVEN O MUNDO

ACENDE A CHAMA MANIFESTO

Vós sodes a luz do mundo (Mt 5, 15)

Máis aló das nosas fronteiras segue habendo multitude de persoas que se atopan ao límite das súas forzas, vivindo unha vida inhumana, pasando fame, sen acceso á educación ou á sanidade.

Millóns de seres humanos viven en condicións indignas. Este mundo, escurecido pola inxustiza, necesita luz.

A nosa sensibilidade é grande, pero recoñecemos, como di o Papa, que é bo insistir para que sigamos crecendo en amor e compromiso. Por iso:

- Hoxe, miles de persoas en todo o mundo acenden esta chama de solidariedade.
- Hoxe, miles de persoas súmanse á marea de luz que percorre o planeta como símbolo da promesa dun mundo mellor.
- Hoxe Mans Unidas acende esta vela como impulso e compromiso solidario polo desenvolvemento, a xustiza e a igualdade.
- Hoxe todos acendemos esta vela, porque cremos que, xuntos, podemos alumar un mundo mellor.

ORACIÓN

Dixéchesnos, Señor: "ninguén acende unha lámpada para metela debaixo do celemín, senón para poñela no candeelro, e que alume a todos os da casa".

Señor, que esta vela que acendemos hoxe sexa luz que ilumine os nosos camiños, as nosas dificultades e as nosas decisións. Que sexa lume para que queime en nós todo egoísmo, todo orgullo e toda impureza. Que sexa chama para que quente os nosos corazóns e ensínenos a amar.

Que con ela fagamos chegar, a todos os que tanto necesitan a nosa axuda, a nosa fraternidade e a nosa solidariedade.

Amén

